



Compostela a 8 de decembro de 2025

Á ATENCIÓN DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO SIL

COMUNICACIÓN DE FEITOS QUE PUIDESEN CONSTITUIR UNHA INFRACCIÓN EN MATERIA DE AUGAS.

Eu **D. Juan José Rodríguez Castro** con DNI 36112742M, en representación de **ESQUERDA UNIDA** con CIF G78269206 e domicilio a efectos de notificacións en Rúa Dublín 8, baixo 15707 Santiago de Compostela e preferentemente por vía electrónica a través de organizacion@esquerdaunida.org

EXPOÑO:

Durante o ano 2025 en Galicia aconteceu a maior vaga de incendios forestais no que vai de século, resultando a provincia de Ourense a principal afectada. A pesares disto a autoridade competente, a **Xunta de Galicia, non está a aplicar ningunha medida de protección e restauración dos montes tal e coma establece o Artigo 49 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.**

A inacción da Xunta de Galicia nesta materia constitúe un claro incumprimento das obrigas legais, incumprindo non soamente co establecido na mencionada Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, se non tamén con diversa lexislación autonómica, estatal e europea entre as que se atopan:

- Lei 5/2019 de Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galicia. (Obriga de evitar danos ao Medio Ambiente e aos ecosistemas).
- Lei 9/2020 de Augas de Galicia (deber de protexer as masas de auga e evitar a súa contaminación).
- Texto Refundido da Lei de Augas RDL 1/2001 (Protección do Dominio Público Hidráulico e de calidade das augas).
- Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (prevención do deterioro de ecosistemas e especies)
- Lei 33/2011 Xeral de Saúde Pública (protexer á poboación ante riscos ambientais)
- Directiva Marco da Auga (2000/60/CE) (evitar o deterioro de masas de auga e obriga de protexelas)

- Directiva Hábitats (92/43/CEE) (contribuír a garantir a biodiversidade e a conservación dos hábitats naturais)
- Directiva 2004/35/CE de Responsabilidade Medioambiental (prevención e reparación de danos)

A maiores, a Confederación Hidrográfica do Miño Sil (CHMS) é responsable da protección das canles e da calidade das augas. A súa falta de intervención permite a contaminación de ríos, regatos e mananciais.

Por todo o anterior, **ESQUERDA UNIDA**

SOLICITA:

1. Apertura inmediata dun expediente de investigación sobre os feitos denunciados.
2. Inspección urxente dos montes afectados e das canles de auga contaminadas.
3. Aplicación inmediata de medidas de protección, tales como:
 - Barreiras antierosión
 - Retención de cinzas
 - Defensa de mananciais
 - Filtros e diques temporais
 - Avaliación da calidade da auga na zona afectada.
 - Plan de restauración ambiental completo para os montes das zonas afectadas.
 - Determinación de responsabilidades pola inactividade administrativa.

Asinado.